

COMPRENSIÓN ORAL: prexuizos lingüísticos

RADIO GALEGA: "Pensando en ti"

<https://www.youtube.com/watch?v=dDWf7BXcHI8>

A continuación imos escoitar o extracto dunha conversa que tivo lugar hai uns anos nun programa da Radio Galega. Na conversa reproducense bastantes dos prexuizos lingüísticos que existen cara o galego. Márcaos na listaxe que tes a seguir cun **✓**:

Non é de boa educación contestar en galego cando nos falan en castelán.

O galego só o fala a xente da aldea.

O galego está ben para falar na familia pero para as cousas importantes hai que usar o castelán.

Se só se usa o galego nos medios de comunicación van ter unha audiencia moi limitada.

Se os medios de comunicación en Galicia usan o galego están impoñendo o galego.

O galego é unha lingua que soa mal.

Os medios de comunicación públicos non poden ser só en galego porque iso discrimina o castelán.

Se falan en galego só van ter unha audiencia de vellos.

Se se promociona o uso do galego estase impedindo o uso do castelán.

O galego é unha lingua artificial.

O español é unha lingua que serve para todo o mundo e galego non.

O galego non é útil.

Aos que non son de Galicia non se lles pode falar en galego.

Os que falan en galego sempre son uns radicais.

Está ben aprender inglés e francés pero o galego non interesa.

O galego é unha lingua de vellos.

Nas cidades como Ferrol todo o mundo fala castelán.